

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP COUTADA-BEADE  
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: MÚSICA  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 12. 5.2020

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>BLOQUE 1</b>	<b>ESCOITA</b>
Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
	Representa corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
<b>BLOQUE 2</b>	<b>INTERPRETACIÓN MUSICAL</b>
Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.
Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	Repite esquemas rítmicos escoitados
Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	Elixe e combina ostinatos rítmicos sinxelos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.
<b>BLOQUE 3</b>	<b>MÚSICA, MOVEMENTO e DANZA</b>
Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
	Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos

coa música.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: A avaliación será global, continua e formativa, facilitando ao alumnado cantidade e variedade de experiencias de aprendizaxe, co fin de que cada neno/a alcance o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades.
	Instrumentos: -Fichas fotocopiáveis de repaso e reforzo. - Blog de Música (creado especialmente para esta circunstancia extraordinaria, dado que é moi difícil realizar actividades colectivas telemáticamente). O enlace é <a href="http://maticesmusicais.blogspot.com">maticesmusicais.blogspot.com</a> (entradas periódicas con recursos diversos -audicións, danzas, cancións, exercicios rítmicos, instrumentación....).
<b>Cualificación final</b>	Na avaliación final das aprendizaxes valorarei o grao de desenvolvemento das competencias imprescindibles, desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, presencialmente, calculando unha nota media e valorando positivamente o traballo deste 3º trimestre.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Exercicios de repaso e reforzo dos contidos xa aprendidos -cantigas, audicións, discriminacións de sons do entorno natural , instrumentación, danzas sinxelas, percusión corporal, patróns rítmicos-.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Didáctica e lúdica. Creación dun Blog de Música, con recursos para o repaso e reforzo dos contidos, con vídeos e audios.
<b>Materiais e recursos</b>	BLOG de MÚSICA, <a href="http://maticesmusicais.blogspot.com">maticesmusicais.blogspot.com</a> e libro de texto.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A comunicación realízase a través de ABALARmóbil, con mensaxería e chamadas telefónicas.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.